

Primaria

# Plástica 3

Programación

## Trimestre 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos dixitais
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### **Título**

Primeiro trimestre

### **Descrición da unidade**

O desenvolvemento dos contidos do trimestre está baseado tanto nas aprendizaxes adquiridas polo alumno no curso pasado coma na utilización progresiva das técnicas plásticas máis importantes contempladas en terceiro de Primaria.

Todas as aprendizaxes que o alumno foi adquirindo en cursos pasados, veranse reforzados e incrementadas neste trimestre. Damos unha especial relevancia á manipulación fotográfica, ao uso correcto dos materiais coñecidos e novos para o alumnado, e, sobre todo, ao coñecemento e investigación de autores e a fomentar o interese por preservar o patrimonio cultural da nosa sociedade.

Os contidos mínimos esenciais do trimestre deben centrarse en:

- A observación dos materiais empregados nas obras plásticas.
- A experimentación das posibilidades de representación con liñas finas, grosas, oblicuas e continuas.
- A elaboración de imaxes usando manchas cromáticas, tonalidades e gamas.
- O uso responsable de materiais e espazos.
- A construción e elaboración de estruturas sinxelas.

### **Temporalización**

Desde setembro ata decembro.

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Distinguir as cores cálidas e frías e a súa influencia na composición dunha paisaxe.
- Valorar o patrimonio artístico de diferentes épocas e estilos: pinturas rupestres, cadros de Goya, puntillismo...
- Apreciar a expresividade do rostro e relacionar os xestos co exercicio de diferentes profesións.
- Realizar composicións coa figura humana no contorno cotián.
- Experimentar con distintas técnicas de coloreado: grafismos formando tramados.
- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Representar animais diferentes e os seus contornos.
- Manexar formas rectangulares para compoñer un crebacabezas.
- Aproveitar o material reciclable e recrear elementos da natureza.
- Construír elementos tridimensionais con formas recortadas e acuñaadas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Clasificación das tonalidades apreciando os detalles nos elementos naturais.</li> <li>• Experimentación das proporcións da figura humana en diferentes posicións.</li> <li>• Elaboración de imaxes usando as manchas cromáticas.</li> <li>• Concepción de bosquejos que axusten o proceso de creación individual á intención prevista.</li> <li>• Observación pautada das imaxes.</li> <li>• Experimentación das posibilidades de representación con liñas oblicuas, rectas, en zigzag, finas e grosas.</li> <li>• Busca de información sobre a arte prehistórica.</li> <li>• Curiosidade por coñecer as posibilidades plásticas de diferentes materiais.</li> <li>• Busca das posibilidades da cor nos contrastes, as variacións e as combinacións.</li> <li>• Elaboración do traballo individual, explorando as posibilidades dos materiais e os instrumentos.</li> <li>• Achegamento ás obras que constitúen o patrimonio cultural.</li> </ul>	1. Utilizar as cores e as tonalidades cunha intención estética.	1.1. Combina as cores de xeito rítmico e harmónico.
	2. Completar a figura humana seguindo a guía das liñas.	2.1. Debuxa a figura humana respectando as proporcións.
	3. Realizar composicións plásticas usando a fotografía.	3.1. Realiza composicións plásticas utilizando a fotografía.
	4. Manexar lapis de cores, rotuladores e ceras brandas para a composición das obras.	4.1. Utiliza as ceras brandas para crear manchas cromáticas.
	5. Realizar composicións plásticas usando as liñas e apreciando o valor expresivo da cor e das liñas.	5.1. Estrutura e organiza á hora de realizar unha obra plástica. 5.2. Utiliza as liñas para debuxar e compoñer unha obra individual. 5.3. Realiza mesturas de cores, observando os contrastes, as variacións e as combinacións.
	6. Mostrar interese por coñecer a arte prehistórica como cultura propia.	6.1. Utiliza as tecnoloxías da información para coñecer a arte prehistórica.
	7. Utilizar como referencia a pauta para realizar formas naturais e do medio mariño.	7.1. Recorta e pega con precisión.
	8. Coñecer o baixorrelevo como forma de expresión artística de diversas culturas.	8.1. Identifica os elementos básicos da imaxe: as cores e as proporcións.
	9. Utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes.	9.1. Valora as obras de arte que constitúen o noso patrimonio artístico e cultural.
	10. Respectar os materiais, os utensilios e os espazos.	10.1. Usa adecuadamente os instrumentos, os materiais e os espazos.

<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección e uso apropiado dos materiais segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</li><li>• Uso responsable dos instrumentos, os materiais e os espazos.</li><li>• Construción de móbiles e cuños.</li></ul>	10. Realizar obras tridimensionais.	11.1. Confecciona obras tridimensionais sinxelas: un cubo, un espantallo...
--	-------------------------------------	---

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Combina as cores de xeito rítmico e harmónico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Composición de paisaxes con tons cálidos e fríos: primavera, verán, outono, inverno, e montaña.</li> </ul>
2.1. Debuxa a figura humana respectando as proporcións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividade da figura humana en movemento nun contorno cotián.</li> </ul>
3.1. Realiza composicións utilizando a fotografía.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dunha colaxe con fotografías.</li> </ul>
4.1. Utiliza as ceras brandas para crear manchas cromáticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Representación dos animais utilizando a técnica de manchas de cor.</li> </ul>
5.1. Estructura e organiza á hora de realizar unha obra plástica. 5.2. Utiliza as liñas para debuxar e compoñer unha obra individual. 5.3. Realiza mesturas de cores, observando os contrastes, as variacións e as combinacións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Composición dunha paisaxe outonal.</li> <li>Debuxo e recortable para formar un dominó de alimentos.</li> </ul>
6.1. Utiliza as tecnoloxías da información para coñecer a arte prehistórica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observación minuciosa do modelo e confección dun crebacabezas.</li> </ul>
7.1. Recorta e pega con precisión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Composición de rostros relacionados cunha profesión, e elaboración dun espantallo.</li> </ul>
8.1. Identifica os elementos básicos da imaxe: cores e proporcións. 9.1. Valora as obras de arte que constitúen o noso patrimonio artístico e cultural. 10.1. Usa adecuadamente os instrumentos, materiais e espazos. 11.1. Confecciona obras tridimensionais sinxelas: un cubo, un espantallo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distinción entre fondo e forma, e entre mancha e liña en diferentes modelos e actividades.</li> <li>Observación dun cadro puntillista. Coloreado con tramados de cor.</li> <li>Respecto e coidado do espazo e os materiais en todas e cada unha das actividades.</li> <li>Elaboración de obras tridimensionais con formas recortadas e acuñadas.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Comprende a mensaxe visual e exprésaa por medio de palabras. Comenta as actividades formuladas en relación cos referentes sociais e culturais.
	<i>Plan lector:</i> gozar coa lectura.	Lectura comprensiva das ordes de traballo e dos textos informativos presentes nas actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.	Realiza as actividades tendo en conta a proporción e a situación no espazo compositivo. Relaciona os coñecementos adquiridos ao realizar un prisma.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Manexa as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas de composición nas súas creacións mediante ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Adquire unha conciencia social e cívica nas actividades relacionadas coa natureza e o medio, a familia, as tarefas cotiás, a profesión e a vida en diferentes épocas.
	<i>Educación en valores:</i> aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar a natureza, a ter hábitos saudables, e a compartir ideas creativas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.

<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar os traballos e as presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Identifica a creación plástica como un medio de expresión e enriquecemento cultural.
---	--	---

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Representamos paisaxes.

- Observamos a presenza das cores frías e cálidas en paisaxes diferentes (LA).
- Representamos unha paisaxe de cada estación do ano (LA).
- Compoñemos unha paisaxe de montaña (LA).

**Tarefa 2:** Realizamos actividades en torno á figura humana.

- Realizamos unha colaxe con fotografías da familia baseándonos nun cadro de Goya (LA).
- Poñemos “cara” a cabezas cos elementos caracterizadores dunha profesión (LA).
- Compoñemos escenas domésticas con figuras humanas en movemento (LA).
- Construimos un espantallo con pezas recortadas (LA).

**Tarefa 3:** Utilizamos as formas xeométricas.

- Formamos un cubo tridimensional (LA).
- Realizamos un crebacabezas con formas rectangulares (LA).

**Tarefa 4:** Representamos animais con técnicas diferentes

- Representamos un león e un elefante con manchas de cor (LA).
- Representamos un crocodilo e o seu contorno con tramados de cor (LA).
- Formamos un cangrexo con material reciclable (LA).

**Tarefa 5:** Realizamos actividades relacionadas co patrimonio cultural.

- Observamos *A familia de Carlos IV* para compoñer un retrato de familia (LA).
- Observamos unha pintura rupestre e realizamos o crebacabezas correspondente (LA).
- Observamos un cadro puntillista e realizamos unha variante con tramados de cores (LA).

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Diálogo previo sobre os coñecementos e as experiencias emocionais en relación cos modelos ou motivos das actividades.
- Observación e comentario sobre a actividade a realizar. Posta en común sobre gustos e preferencias nos aspectos que se consideren variables.
- Traballo reflexivo individual ante o desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos: xuntar os alumnos en grupos de tres ou catro nenos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo de grupo, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo: despois do traballo individual ou de grupo.



## 8. RECURSOS DIXITAIS

Os seguintes materiais dixitais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Plástica:

- Vídeos e crebacabezas de obras de arte.
- Actividades interactivas compositivas.
- Actividades de técnicas plásticas coa barra de ferramentas.

Tamén a consulta de páxinas web da proposta didáctica, así como as actividades recomendadas de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación da unidade (no anexo de avaliación).
- Outros recursos: rúbrica, diana... (no anexo de avaliación).

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?